



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 07 DE FEBREIRO DO 2025.

Sesión 03/2025-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p style="text-align: center;">Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;">Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;">Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;">Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIO ACCTAL.</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 08.30 horas do día venres 07 de febreiro do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario acctal. da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno extraordinario e urxente do Concello de Sada para a aprobación do plan de obras e servizos do ano 2025.

1º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O presidente, sr. Portela Fernández, xustifica os motivos da urxencia da sesión en que hoxe remata o prazo para presentar a subvención (plan de cooperación municipal da Deputación, Plan Único de concellos de obras e servizos públicos: POS+2025).

Intervén a sra. Arias Ferreiro (PP), queixándose pola convocatoria de urxencia.



Seguidamente, procédese á votación da dita urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 4 UPSA.
- Abstencións: 4 PP.

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

2º.- EXPEDIENTE DE REGULARIZACIÓN DE PARCELAS: EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS, ZONA DA AGRA DE SAMOEDO.

Consta no expediente a seguinte proposta de acordo da Alcaldía, do 2025-02-06:

«O 28-02-2012 aprobouse o Inventario de Bens inmobles, incorporando no mesmo as seguintes fichas, e outras propiedades que non figuran ou non se atopan relacionadas en dito inventario :

Ficha inventario	superficie	situación	data escritura	registro propiedade	Notario
INM75016	3536 M2	Pavillón polideportivo Samoedo	20-9-1988	--	--
INM75017	1400M2	Piscina municipal	Non (4-8-1999)	--	--
INM75072	2474 M2	Agra de Samoedo	26-3-1991 n° 365	1291-163-160	J.L. Espinosa
INM75073	1450 M2	Agra Samoedo	22-5-1989 Permuta n° 463	1276-158-15	J.L. Espinosa
	545 M2	Samoedo-Rulas	22-5-1989 Permuta n° 463	1276-158-16	
INM75017	538 m2	Piscina Samoedo-Rulas	28-7-1999 adquisición n° 1082	1610-245-152 1398-215-75	Cancela de Arellano
--	480 M2	Braña das Rulas	23-04-2007 adquisición n° 815	--	Cancela de Arellano

Coa inclusión que se pretende do proxecto Aparcadoiro en As Brañas no POS+2025 (complementario), e na labor de acreditar a titularidade dos terreos pose de manifesto esa serie de deficiencias que afectan a ditas instalacións públicas, polo que é preciso iniciar o expediente para proceder á depuración física e xurídica das parcelas e inmobles existentes nelas.

Proponse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Iniciar o expediente para a depuración física e xurídica das devanditas parcelas e inmobles.

2º.- Incorporar os informes técnicos e xurídicos precisos.

3º.- Facultar a Alcaldía para realizar cantas xestións e trámites sexan necesarios para efectuar as correspondentes modificacións na Xerencia Territorial do Catastro e no Rexistro da Propiedade».

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), motiva a razón de ser deste punto e fai un resumo.

Interveñen a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP); a sra. Nogueira Marzoa (UPSA), quen conclúe adiantando o voto en contra do seu grupo; e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación, procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 13 (7 SM, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: 4 UPSA.



- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

- 1º.- Iniciar o expediente para a depuración física e xurídica das devanditas parcelas e inmobles.
- 2º.- Incorporar os informes técnicos e xurídicos precisos.
- 3º.- Facultar a Alcaldía para realizar cantas xestións e trámites sexan necesarios para efectuar as correspondentes modificacións na Xerencia Territorial do Catastro e no Rexistro da Propiedade.

3º.- POS+2025: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS). SOLICITUDE XERAL.

Consta no expediente a seguinte proposta de acordo da Alcaldía, do 2025-02-06:

«Vistas as Bases reguladoras plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2025”, así coma circular da Excm. Deputación das cantidades asignadas a este Concello,

Propónse ao Pleno deste concello a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	414.778,89€
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	256.204,27€
Subtotal gasto corrente	670.983,16€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
	0	0	0	0	0
Subtotal investimentos achega provincial 2025	0	0	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos	Total Concello	



			abastecem. auga potable)		
Reparación pistas deportivas no CEIP Pedro Barrié de la Maza	146.375,24	0	0	0	146.375,24
Subtotal investimentos achega provincial 2024	146.375,24	0	0	0	146.375,24

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	414.778,89				414.778,89
	Achega 2024	256.204,27				256.204,27
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	0	0	0	0	0
	Achega 2024	146.375,24	0	0	0	146.375,24
C- TOTAL	Achega 2025	414.778,89	0	0	0	414.778,89
	Achega 2024	402.579,51	0	0	0	402.579,51
	TOTAL	817.358,40	0	0	0	817.358,40

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Aparcadoiro en As Brañas, Sada	235.337,68	-	235.337,68
TOTAIS	235.337,68	-	235.337,68

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos (os correspondentes ao proxecto de Aparcadoiro As Brañas atópase en proceso de depuración física e xurídica das parcelas e inmobles existentes), e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.



6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”».

Intervenien o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, quen fai unha exposición; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen anuncia que se vai abster; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen tamén di que o seu grupo hase abster; a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen indica que o seu grupo ha votar en contra; e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 4 UPSA.
- Abstencións: 5 (4 PP e 1 GM-BNG).

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	414.778,89€
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	256.204,27€
Subtotal gasto corrente	670.983,16€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
	0	0	0	0	0
Subtotal investimentos achega provincial 2025	0	0	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
		Concello			Orzamento
		Achega	IVE soportado	Total	



Denominación da obra ou da subministración	Deputación	municipal	deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Concello	total
Reparación pistas deportivas no CEIP Pedro Barrié de la Maza	146.375,24	0	0	0	146375,24
Subtotal investimentos achega provincial 2024	146.375,24	0	0	0	146375,24

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	414.778,89				414.778,89
	Achega 2024	256.204,27				256.204,27
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	0	0	0	0	0
	Achega 2024	146.375,24	0	0	0	146.375,24
C- TOTAL	Achega 2025	414.778,89	0	0	0	414.778,89
	Achega 2024	402.579,51	0	0	0	402.579,51
	TOTAL	817.358,40	0	0	0	817.358,40

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Aparcadoiro en As Brañas, Sada	235.337,68	-	235.337,68
TOTAIS	235.337,68	-	235.337,68

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos (os correspondentes ao proxecto de Aparcadoiro As Brañas atópase en proceso de depuración física e xurídica das parcelas e inmobles existentes), e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000003

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 08 horas e 55 minutos do día venres 07 de febreiro do 2025, do que como secretario acctal. dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.